



#Pobreza24M

CONCELLOS AO SERVIZO DAS PERSOAS

COMPROMISOS PARA UN PACTO CONTRA A POBREZA E POLA INCLUSIÓN SOCIAL

Propostas EAPN Galicia ante as Eleccións Municipais 2015

Os concellos galegos son a administración pública na que máis se percibe o sufrimento no que viven as persoas que na nosa comunidade malviven na pobreza ou na exclusión social. Non hai día en que as persoas profesionais ou voluntarias de concellos ou das organizacións de acción social deixen de comprobar esta emerxencia na que a un de cada catro cidadáns galegos (24,3%) se lles nega o seu dereito a unha vida digna e a unha auténtica inclusión social e laboral.

Lamentablemente, as 125 organizacións integradas na Rede Galega contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia), ao igual que o resto de redes autonómicas que formamos parte de EAPN España, seguimos a constatar o incumprimento de dereitos fundamentais recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos ou na nosa Constitución.

Case trece millóns de españois (o 27,3% da poboación) non son iguais ante a lei, sendo discriminados según se a comunidade autónoma na que nacen ou viven aposte ou non por políticas de inclusión e benestar social e por orzamentos decentes. No 2013 o 14,5% da poboación navarra estaba en pobreza ou exclusión social, mentras en Castela a Mancha o estaba o 36,7%. Nesta comunidade apenas 0,6 persoas por cada mil habitantes percibe unha renda mínima, en Galicia a perciben 4, en Navarra 14,5 e no País Vasco 36,7 persoas.

Para 670.000 galegos e galegas, según o concello donde nazan ou vivan, tampouco se cumpre o noso Estatuto de Autonomía cando fala do dereito a participar na vida política, económica, cultural e social. E unha vergoña que cidadáns e cidadás en pobreza ou exclusión se vexan obrigados a berrar diante dos nosos parlamentarios, do Valedor do Pobo e ata da Comisión Europea **¡A nos non exclúe ningún!** para defender a súa dignidade e decencia. No 2012 o 17,7% das persoas en Lugo estaba nesta situación fronte ao 23,2% en Ourense ou o 23% en Ferrol (A Coruña 19,1%, Santiago 18,7%, Pontevedra 20,6%, Vigo 21,2%)

As palabras xa non son suficientes. Nas vindeiras eleccións municipais e ante a grave situación que se vive en Galicia, non abundan as boas intencións cunha pobreza e unha desigualdade



cada vez máis intensa e crónica. Non abonda con promesas etéreas ou o refuxio nun indecente **reparto de culpas** políticas entre administracións. Son imprescindibles compromisos firmes e resultados urxentes na mellora da calidade de vida das persoas.

As 125 organizacións membro da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) facemos nosas as demandas realizadas polas persoas en risco de pobreza ou exclusión no Manifesto do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. Asumimos tamén o documento de EAPN España ante as eleccións autonómicas e municipais 2015 "*Pacto contra la pobreza y por la inclusión*".

Propoñemos a todas as persoas candidatas as vindeiras eleccións municipais do 25 de maio a asunción do seguinte:



COMPROMISO COAS PERSOAS

Dona/D....., candidata/o polo.....
nas Eleccións Municipais do 24 de maio de 2015 áo concello de

Comprométome, de ser elixido, a ter como principal prioridade a mellora da calidade de vida e a dignidade das persoas do meu concello as que represento e defendo, en especial as que se atopan nunha situación de pobreza ou exclusión social. Impulsarei para elo un Pacto contra a Pobreza e pola Inclusión Social no que se contemplará como mínimo o seguinte:

- 1. Ao final do 2016 reducir, cando menos, nun 15%** o total das persoas que se atopan en situación de risco de pobreza e exclusión (AROPE, base ECV 2013) e loitar decididamente contra a pobreza e pola inclusión activa adicando á partida de Actuacións de protección e promoción social **un mínimo de 110 euros habitante/ano** (media dos concellos e deputacións galegas no 2013).
- 2. Se ao final do 2016, en base aos indicadores obxectivos da Enquisa de Condicións de Vida das familias (IGE) e a Liquidación Orzamentos (Ministerio Facenda) non se tiveran acadado as dúas metas anteriores, presentarei a miña dimisión.**
- 3. En todo a lexislatura, reducir, cando menos, nun 25%** o total de persoas que se atopan en situación de risco de pobreza e exclusión (AROPE). E adicar á partida de Actuacións de protección e promoción social **un mínimo de 160 euros habitante/ano**.
- 4. Aumentar a taxa de ocupación** cando menos un 10% ao final do 2016.
- 5. Priorizar nos orzamentos municipais aqueles investimentos, gastos e actuacións** que aseguren a consecución dos compromisos anteriores coa maior rapidez posible, implicando a toda á cidadanía na loita contra a pobreza e a exclusión social.
- 6. Establecer no 2015 un Plan con obxectivos específicos e cuantificables de inclusión social e laboral dos grupos vulnerables**, como mínimo dos establecidos no Artigo 3 da [Lei 10/2013 de inclusión social](#) de Galicia. Reforzando e complementándose coa Estratexia de Inclusión Social 2014-2020 da Xunta de Galicia.
- 7. Establecer no 2015 e para executar antes do final do 2016, dacordo coas persoas e ONG relacionadas, un Plan urxente de Accesibilidade** para asegurar a plena inclusión das persoas con calquera tipo de discapacidade, dacordo co establecido na [Lei 10/2014 de accesibilidade](#).
- 8. Aplicar decididamente o enfoque de Inclusión Activa non asistencialista**, asegurando que cada persoa en risco de pobreza ou exclusión dispón, *no prazo máximo de 10 días hábiles*,



dun profesional de referencia que facilite o seu acceso as prestacións sociais e ao emprego e que coordine os diferentes servizos que poideran existir no territorio.

9. Cumprir no 2015 os prazos establecidos na Lei 13/2013 de Inclusión Social de Galicia para a resolución da RISGA, tal e como se comprometeu tamén a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Todas as actuacións de acción social neste eido deberán reforzar e complementar o establecido a nivel autonómico.

10. Fomentarei a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a exclusión.

- ✓ En todas as áreas municipais do concello (en especial nas de Emprego, Benestar Social e Educación).
- ✓ Cos concellos limítrofes, promovendo a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a calidade e rendibilidade social dos servizos e a redución de costes de estrutura.
- ✓ Entre institucións: Nomeadamente coa Xunta de Galicia e as delegacións da Consellería de Traballo e Benestar. Tamén con deputacións e na FEGAMP, donde proporei que se cree unha comisión específica para avanzar mensualmente nesta coordinación.
- ✓ Coas ONG implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión no meu concello, fomentando o diálogo civil con xuntanzas periódicas políticas e técnicas de intercambio de información y establecemento de estratexias comúns.

11. Non admitir o lucro na loita contra a pobreza e a exclusión, implantando cláusulas sociais na contratación pública en materia de servizos sociais, recoñecendo así a experiencia e valores das organizacións non lucrativas e asegurando que operan en igualdade de condicións con outros actores económicos.

12. Procurarei que se reforme a [Lei 27/2013](#) de racionalización e sustentabilidade da Administración Local para recoñecer aos servizos sociais comunitarios como actores principais do desenvolvemento e a equidade social a nivel autonómico e local e que se asegure o seu financiamento axeitado.

13. Non admitir diferenzas entre “pobreza de aquí e de alá”. Entendendo a **cooperación para o desenvolvemento como unha política social pública mais** e adicando unha partida non inferior ao 0,2% do total do orzamento á loita contra a pobreza en países empobrecidos. Sempre de xeito coordinado coa estratexia autonómica nesta materia e dacordo coas ONG de Desenvolvemento presentes no concello.

14. Fomentar a Transparencia e a Rendición de contas con, entroutras, as seguintes medidas:



- ✓ Crear unha comisión do Pleno do concello que elabore un Informe de Impacto Social no que se estude e verifique que cada proposta legislativa e en particular, os orzamentos, resposta aos obxectivos de redución da pobreza e defensa dos Dereitos Fundamentais.
- ✓ Manter unha audiencia coas persoas en pobreza e risco de exclusión do concello, dúas veces ao ano, cunha axenda de traballo compartida.
- ✓ Cumprir a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Establecer un mecanismo de publicidade e rendición de contas de carácter público e accesible. Publicar mediante criterios “open data”, detalle de execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle e coincidentes co enviado ao Ministerio de Hacienda.
- ✓ Difusión inmediata tras resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública, indicando puntuación obtida. Do mesmo xeito en todos os concursos públicos de calquera índole.

15. Creo no compromiso, na esixencia e na transparencia, razóns polas cales obrígome a:

- ✓ Denunciar calquera posible actuación ilegal cometida por calquera persoa da corporación municipal, sexa técnico, cargo electo, asesor ou persoal de libre designación.
- ✓ Asumir a miña responsabilidade política ante imputación xudicial.
- ✓ En calquera dos casos adoptar todas as medidas precisas para reparar os posibles danos causados á corporación ou a terceiros, en especial á sociedade civil.

_ Asino **totalmente** este Compromiso

_ Asino este compromiso excepto os apartados:..... debido a

.....

En, a de de 2015

Asdo.

Devolver asinado a info@eapn-galicia.com
MÁS INFORMACIÓN <http://www.pobreza.gal>